

**CC00****INFORMA**

PACTO DE CONTRATACIÓN: PENALIZACIONES POR CHAMADAS NON ATENDIDAS

No Novo Pacto de Selección Temporal do SERGAS recóllese como motivo de penalización **non atender 10 ou máis chamadas para oferta de contratación realizadas no intervalo de 30 días naturais**, contado desde o día seguinte a aquel en que se efectúe a primeira chamada non atendida.

A contaxe realizarase do seguinte xeito:

- **Chamamentos de carácter urgente**: teñen que realizarse 2 chamadas telefónicas, pero a efectos de penalización só se poderá contabilizar 1 chamada non atendida por día.
- **Chamamentos non urgentes**: a efectos de penalización só se computarán un máximo de 3 chamadas non contestadas por día. Se entre chamada e chamada non transcorren 15 minutos, só se poderá contabilizar unha única chamada. É dicir, **nunca se poderán computar máis de 3 chamadas non atendidas por día**.

No momento en que o aspirante acepte un nomeamento, a contaxe de chamadas non contestadas ponse a cero.

27 de xullo do 2026

<<< CONSULTA COA TÚA DELEGADA SINDICAL DE CC00 >>>



Páxina Web: sanidad.ccoo.es/galicia



Facebook: facebook.com/CCOO.Sanidade.Galicia



Instagram: @ccoosanidadegalicia



X (Twitter): @ccoofssgalicia